

## FICHA TÉCNICA

### INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA PEMENTO DE OIMBRA

**Creación:** Por ORDE do 5 de maio de 2014 (DOG num. 92 do 15.05.2014).

**Regulamentación:** ORDE do 5 de maio de 2014 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pemento de Oímbra e do seu Consello Regulador, e se nomea o Consello Regulador provisorio.

Rexistrada como indicación xeográfica protexida polo Regulamento (UE) nº 429/2010 da Comisión, do 20 de maio de 2010, que foi publicado no Diario Oficial de la Unión Europea o 21 de maio dese ano.

**Enderezo:** Avda do Carregal, 3  
32613 Oímbra (Ourense)  
Tel: 881 997 279  
**Web:** [www.pementodeoimbra.org](http://www.pementodeoimbra.org)  
[info@pementodeoimbra.org](mailto:info@pementodeoimbra.org)

**Presidente:** Milagros Prada Prado

#### **Rexistros a 31 de decembro de 2017:**


Superficie inscrita:	13,09 ha
Produtores:	13
Almacenistas / envasadores:	2

#### **Volume de actividade no ano 2017:**

Produción comercializada:	1.873 kg
Valor económico estimado:	2.435 €

## Zona amparada pola indicación xeográfica protexida *Pemento de Oimbra*:

A área de produción de pementos amparados pola indicación xeográfica protexida *Pemento de Oimbra* está constituída pola totalidade da comarca ourensá de Verín, composta polos seguintes municipios: Oimbra, Verín, Castrelo do Val, Monterrei, Cualedro, Laza, Riós e Vilardevós.



### **Produto protexido**

Os pementos amparados pola indicación xeográfica protexida Pemento de Oímbra son os froitos pertencentes ao ecotipo da especie *Capsicum annuum*, L. cultivado tradicionalmente na zona de produción, procedentes de parcelas inscritas no correspondente rexistro.

### **Características**

As plantas deste ecotipo son de consistencia herbácea, moi ramificadas, porte mediobaixo, que chegan a acadar uns 60 ou 80 cm ao aire libre. Son de ciclo semiprecoz, con follas pequenas, lanceoladas e de elevada floración.

O froito é apañado en verde.